

Caderno de traballo
3º ciclo de primaria

A carreira da túa vida

Sibila Vigna



Intermón Oxfam

Caderno de traballo
3º ciclo
de primaria

A carreira da túa vida



Intermón Oxfam

No ano 2000 as Nacións Unidas asinaron a Declaración do Milenio, na que se comprometeron a cumprir os 8 Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM), como un primeiro paso para reducir á metade a pobreza extrema no 2015.

Para exixir aos países que cumbran os seus compromisos, máis de 400 organizacións membros da Coordinadora Estatal de ONGD, entre elas Intermón Oxfam, sumámonos á campaña Pobreza Cero.

A carreira da túa vida

3º ciclo

Caderno de traballo para o alumnado

Dirección da colección: Raquel León

Coordinación da autoría: Gemma Vello e Montse Riera

Consello asesor: M. Àngels Alié, Carme Batet, Mireia Claverol, Núria Ensesa, Marga Florensa, Israel García, Joan Pere Guzmán, Laura Martí, M. Jesús del Olmo, José Palos, Desiderio de Paz, Ferran Polo, Patricia Quijano, Maria Rico, Teresa Riera, M. Lluïsa Ruiz

Coordinación da produción: Elisa Sarsanedas

Deseño da cuberta e interiores: Estudi Lluís Torres

Tradución: Luïsa Diéguez

1ª edición: xullo de 2006

Autoría: Sibila Vigna

Ilustracións: Àngel Sauret

Intermón Oxfam

Roger de Llúria, 15, 08010 Barcelona

Tel. 93 482 07 07

info@IntermonOxfam.org

ISBN:84-8452-409-4

Produción: Editorial Octaedro



Índice

1. Facendo amizades	4
2. Cada ovella coa súa parella	6
3. O país de onde veño	8
4. Escolle o teu personaxe!	10
5. A carreira da túa vida	12
6. Máis alá do xogo...	14
7. A vida de Nomina Tusu	16
8. Eu opino	17
9. Vaiaamos ás causas	18
10. Pobreza cero xa!	20
Anexo	21

1 Facendo amizades

Hoxe é un día especial. Comeza a prepararse unha carreira moi importante. Convidámoste a participar xunto a María, Eva, Oautara e Bill. Non a perdas!



María, de México

Bos días, Chámome María, teño 16 anos e son indíxena, de etnia tzotzil. Toda a vida vivín na comunidade co meu pai, a miña nai e os meus irmáns máis pequenos. A miña familia vive do campo, pero cada vez temos máis problemas para vender o millo que sementamos. A xente da comunidade di que iso pasa porque o millo de Estados Unidos é máis barato ca o noso. Eu nunca antes saíra da rexión onde vivo, pero agora a miña vida está a punto de cambiar...

Vou deixar a escola para ir traballar á capital. Así poderei enviarlles cartos aos meus pais. Está moi lonxe e din que é unha cidade enorme, pero... son unha rapaza moi valente. Acompáñasme?

Oautara, de Burkina Faso

Que tal? Son Oautara, e teño 42 anos. A miña familia e mais eu vivimos do cultivo do arroz. Paso case todo o día traballando nos arrozais. Sanu é a miña muller. Ela axúdame no campo, fai as tarefas do fogar, coida dos fillos e ademais vai ao mercado. Aínda que a maior parte do arroz llela vendemos aos intermediarios, Sanu sempre garda un pouco para vender pola súa conta. Non sei como lle dá tempo para todo... Agora estamos moi contentos porque os nosos dous fillos e a nosa filla pequena están na escola primaria. Traballamos moito para que os dous poidan estudar. Queres axudarme?



Eva, de España

Ola, o meu nome é Eva. Teño 32 anos e son nai de dous nenos guapísimos. O neno ten 9 anos e a nena 6. A miña nai, que vive moi preto, axúdame a coidalos. Cada día lévaos ao colexio e prepáralles a comida. Eu traballo nunha fábrica de coches armando pezas para os motores. A verdade é que os coches só os vexo de lonxe. Non sei se algún día poderei comprar un. Agora estou buscando un traballo mellor pagado. Poderíasmeme botar unha man?




Bill, de Estados Unidos

Son Bill e teño 50 anos ben levados. O meu negocio é o campo. Herdei da miña familia unha grande explotación de algodón e un bo capital. A miña dona chámase Jessica e dedícase á política. Teño dous fillos na universidade: unha rapaza e un rapaz. Estou moi orgulloso deles, pero a verdade é que non vexo moito a miña familia porque sempre teño traballo. A competencia e as pragas nunca descansan. Agora o algodón véndese moi ben... pero se te queres dedicar a este oficio, non te podes durmir! Ensínocme o meu negocio?

2 Cada ovella coa súa parella



Para poder participar na carreira necesitas coñecer algúns conceptos importantes.



Subvencións agrícolas

Necesidades básicas

Seguridade social

Dereitos laborais

Desemprego

Débeda externa

Índice de desenvolvemento humano (IDH)

Esperanza de vida ao nacer


Discriminación

Mercado

Mortalidade infantil

Produto interior bruto (PIB) per cápita

Une cada concepto coa definición correspondente.



Situación de desemprego ou perda do traballo. Nos países ricos existe unha axuda económica que dá a seguridade social nestes casos.

Dereitos que teñen todas as persoas traballadoras.

Número que indica a calidade de vida das persoas en cada país tomando en conta a educación, a saúde e o PIB.

Axudas que reciben os agricultores e agricultoras nos países ricos para competir no mercado e vender os produtos a mellor prezo.

Toda a riqueza que un país produce nun ano dividida polo número dos seus habitantes.

Institución do Goberno que se encarga de atender algunhas necesidades económicas e sanitarias das persoas.

Cantidade de nenos e nenas que morren por cada 1000 que nacen.

Mínimos necesarios para ter unha vida digna (alimentación, auga potable, saúde, vivenda, educación, etc).

Diñeiro que deben os países a outros países ou bancos internacionais.

Cantidade de anos que pode vivir unha persoa tomando en conta as condicións de vida do seu país (atención médica, alimentación, etc).

Compra e venda de produtos, locais ou internacionais.

Acción de tratar a unha persoa como "inferior" por motivos de relixión, sexo, raza, cor de pel, etc.

3 O país de onde veño

Aquí tes información sobre os países de Bill, Eva, Oautara e María. Le e compara os datos:



Estados Unidos:

Poboación:
296,6 millóns de habitantes

Superficie:
9.158.960 km²

Idioma:
Inglés, castelán e diversas linguas indíxenas (entre elas o comanche e o cheroqui).



España:

Poboación:
42,1 millóns de habitantes

Superficie:
499.440 km²

Idioma:
Castelán, galego, catalán, éuscaro.



Burkina Faso:

Poboación:
12,4 millóns de habitantes

Superficie:
276.600 km²

Idioma:
Francés e 71 linguas propias (entre elas, mossi, bobo, bisca e gurma).



México:

Poboación:
104,3 millóns de habitantes

Superficie:
1.908.690 km²

Idioma:
Castelán e máis de 200 linguas indíxenas (entre elas, tzotzil, tzeltal, náhuatl, mixteco, purépecha, zapoteco).

Cal é o país máis grande?

Cal é o país máis poboado con relación á superficie?

Ordena os catro países en función da súa riqueza.

En que país as persoas teñen mellor calidade de vida? E peor?

	De cada 100 persoas, teñen auga potable...	Médicos que teñen por cada 100.000 habitantes	Mortalidade infantil por cada 1.000 nenos e nenas
Estados Unidos	100	549	7
España	100	320	4
México	91	86	23
Burkina Faso	51	31	107

	De cada 100 persoas adultas, saben ler e escribir....	De cada 100 nenos e nenas, van a primaria...	De cada 100 rapaces, van a secundaria...	De cada 100 mozos, van á universidade...
Estados Unidos	non hai datos	92	88	77
España	98	100	96	56
México	91	99	63	18
Burkina Faso	13	36	9	1

	Clasificación segundo o índice de desenvolvemento humano (IDH)	Esperanza de vida ao nacer (en anos)	PIB per cápita (en euros)
Estados Unidos	10	77	31.870
España	21	79	18.998
México	53	75	7.778
Burkina Faso	175	47	996

En que país as persoas viven máis anos? En cal viven menos?

En que país é máis difícil conseguir auga potable para beber?

En que país é máis fácil estudar? En cal é máis difícil?

4 Escolle o teu personaxe!

Chegou a hora da carreira. O desafío é chegar á meta. Para iso terás que sortear os obstáculos que se interpoñan no teu camiño, aproveitar as oportunidades e conseguir a maior cantidade de puntos posible.

Antes de comezar cada participante escollerá un personaxe. Podedes botalo a sortes ou poñervos de acordo.

Para xogar precísanse:

- 4 xogadores e xogadoras
- 1 dado
- 1 taboleiro de xogo
- As cartillas de xogo dos catro personaxes (vede o anexo deste caderno)
- 4 fichas que representen aos personaxes



Regras de xogo


- Esta é unha carreira especial. Non se trata de chegar á meta en primeiro lugar, senón de conseguir a máxima cantidade de puntos posible.
- Levarase unha folla de rexistro cos puntos que vai sumando ou restando cada xogador ou xogadora. Antes de comezar, anotarase os puntos de saída de cada personaxe (consultade as cartillas no anexo).
- Todos os xogadores ou xogadoras colócanse na saída. Podedes tirar o dado, antes de comezar o xogo, para decidir quen comeza.
- Cada xogador ou xogadora tirará o dado cando sexa a súa quenda e avanzará unha cantidade de casas igual ao número obtido.
- Atención!: Parada no camiño! Se caedes nunha casa de "parada" tedes que consultar a cartilla do voso personaxe (anexo), ler en voz alta o contido da parada correspondente e, segundo o caso, restarvos ou sumarvos puntos. Os puntos de cada xogador iranse anotando na folla de rexistro.
- O xogo acabará cando o último dos participantes cruce a meta. Moita sorte!




A carreira da túa vida



Podes construír a túa propia ficha de xogo debuxando ou fotocopiando o teu personaxe.





6 Máis alá do xogo...



No xogo, como na vida, non todas as persoas temos as mesmas oportunidades. Agora que xa xogastes, tócovos pensar e sacar conclusións...

Observade as seguintes táboas e sinalade as respostas que creades correctas. Antes de responder, volvele ler a cartilla dos personaxes. Despois responde de as preguntas da seguinte páxina.

O



B



Os seus fillos/as poden estudar	sen problemas ☐ O ☐ B	con algúns problemas ☐ O ☐ B	non todos/as poden facelo ☐ O ☐ B
Gaña para pagar os gastos da familia	máis do necesario ☐ O ☐ B	o necesario ☐ O ☐ B	menos do necesario ☐ O ☐ B
O seu Goberno dálle axudas económicas para a agricultura	máis do que precisa ☐ O ☐ B	o xusto ☐ O ☐ B	nada ☐ O ☐ B
Pode conseguir que os políticos beneficien a súa actividade	ten moito poder para facelo ☐ O ☐ B	como calquera cidadán ☐ O ☐ B	non ten poder para facelo ☐ O ☐ B
Usa tecnoloxía para o seu traballo	máis ca suficiente ☐ O ☐ B	suficiente ☐ O ☐ B	insuficiente ou ningunha ☐ O ☐ B
O seu país ten os medios para garantir unha vida digna a todas as persoas	máis dos necesarios ☐ O ☐ B	os necesarios ☐ O ☐ B	menos dos necesarios ☐ O ☐ B

Que diferenzas atopas no cadro 1?

E no cadro 2?

Que diferenzas existen entre as situacións de Oautara, Eva e María?

Por que cres que se dan estas diferenzas?

Que opinas desta situación?



Ela ou os seus fillos/as poden estudar	sen problemas M E	con algunhas limitacións M E	con moitos problemas M E
Gaña para pagar os gastos da familia	o necesario M E	un pouco menos do necesario M E	moito menos do necesario M E
Cando ela ou os seus familiares enferman, reciben axuda da seguridade social	páganlle todos os gastos M E	páganlle os gastos básicos M E	páganlle moi poucos gastos M E
Sofre algún tipo de discriminación	non M E	si, algunhas veces M E	si, moitas veces M E
Respéctanse os seus dereitos laborais	totalmente M E	pouco M E	case nada M E
O seu país ten os medios para garantir unha vida digna para todas as persoas	máis dos necesarios M E	os necesarios M E	menos dos necesarios M E

7 A vida de Nomina Tusu



Chámome Nomina Tusu. Son viúva e teño 6 fillos. Vivo en Gallo Hiraphe, unha pequena aldea de Etiopía. Na aldea hai 100 casas e, ata hai un par de meses, estaban todas ocupadas. Pero agora, a maioría dos meus veciños e veciñas marcharon cara a outras zonas en busca de auga e comida. Só as familias máis pobres seguimos aquí. Non temos nada que vender xa que non tenos gando e a colleita foi nula este ano.

Corto leña dalgunhas árbores da zona e lévoa a vender ao mercado da aldea. Así obten un mínimo de cartos e podo comprar cereais e auga para os meus fillos, aínda que cada vez hai máis persoas que venden leña e non sempre é doado conseguir un comprador. Antes sacabamos auga do pozo que hai preto da aldea, pero este ano está seco e o único xeito de ter auga é comprándoa.

Creo que é mellor para os meus fillos e fillas que quedemos na aldea. Así eles poden seguir indo á escola, coma sempre, e terán unha oportunidade o día de mañá. É o mellor que podo facer por eles.

Por que se foi a xente de Gallo Hiraphe?

Por que quedou Nomina?

Que consecuencias tería para os fillos de Nomina marchar da aldea?

Imaxina que estás na situación de Nomina, que farías para sacar adiante a túa familia?

Nomina perdeu a colleita por culpa da seca e quedou sen cartos. Que tería pasado se vivise nun país rico?

8 Eu opino



Ben... Chegou a hora de debater.
Le as seguintes frases
e toma postura!

- ☒ estou de acordo
- ☐ estou en desacordo
- ☐ non estou seguro/a

No planeta existen recursos
suficientes para que todas as
persoas vivan de xeito digno.

☒ ☐ ☐

Cando unha persoa non pode
vivir dignamente no seu lugar
de orixe, ten o dereito de
marchar traballar a outro lugar.

☒ ☐ ☐

Os países ricos non axudan aos
países menos desenvolvidos a
saír da pobreza.

☒ ☐ ☐

Non noso país, todas as persoas
teñen as mesmas oportunidades
para conseguir unha vida digna.

☒ ☐ ☐

En España non hai persoas
pobres.

☒ ☐ ☐

Os Gobernos teñen a obriga de
garantir a saúde e a educación
de todas as persoas.

☒ ☐ ☐

No mundo, moitas persoas son
pobres porque non foron á
escola.

☒ ☐ ☐

9 Vaiaamos ás causas



As seguintes imaxes e textos perderon os seus titulares. Decide cal é o titular que corresponde a cada texto e imaxe e úneos cunha frecha. Descubrirás cales son algunhas das principais causas da pobreza no mundo.

A

O MUNDO GASTA 10
VECES MÁIS EN ARMAS
CA EN AXUDA

B

OS PAÍSES POBRES
ASFIXIADOS POR UNHA
DÉBEDA INXUSTA

C

MILLÓNS DE CAMPESIÑOS
VIVEN NA POBREZA POR
CULPA DUN COMERCIO
INXUSTO

E

OS PAÍSES RICOS NON
CUMPREN AS SÚAS
PROMESAS DE AXUDA PARA
ACABAR COA POBREZA

D


NO MUNDO EXISTE RIQUEZA
SUFICIENTE PARA TODAS AS
PERSOAS, PERO OS RICOS
ACUMULAN A MAIOR PARTE...

A partir dos titulares fai unha lista coas causas da pobreza e plantea unha alternativa para cada unha.


Causas da pobreza



Máis da metade dos países africanos gasta máis no pagamento da débeda externa que na atención sanitaria aos seus cidadáns e cidadás. África subsahariana terá no ano 2010 máis de 18 millóns de orfos por culpa da SIDA.



Por cada dólar que se inviste en todo o mundo en axuda humanitaria, os países destinan dez aos seus orzamentos militares, segundo os datos recollidos no informe 2005 do Programa de Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD).
Fonte: elmundo.es



Solucións

10 Pobreza cero xa!



No ano 2000, 189 países, reunidos na Asemblea das Nacións Unidas, aprobaron os Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio para acabar coa pobreza...

Cómpre que os Gobernos cumbran o prometido! Para iso, estase realizando unha campaña mundial na que participan miles de cidadáns e cidadás coma ti. Estas son as súas propostas. Leas e compáraas coas alternativas que presentaches na actividade 9:

- Máis axuda para os países e as persoas máis pobres.
- Cambiar as regras do comercio inxustas.
- Acabar coas axudas á exportación de produtos desde os países ricos.
- Asegurar que todas as persoas teñan cubertas as necesidades básicas: alimentación, saúde, auga potable, etc.
- Axudar aos países menos desenvolvidos para que aproveiten a tecnoloxía.
- Cancelarlles a débeda externa aos países máis pobres.

Escribe unha frase para contarlles aos teus compañeiros e compañeiras que pensas sobre a pobreza no mundo.



E ti, que podes facer?

Infórmate e participa nas campañas que están en marcha para exercer presión sobre os políticos de todo o mundo para que se comprometan na loita contra a pobreza.

Podes visitar as súas páxinas web e saber que actos convocan na túa vila ou cidade e participar por Internet:

- Campaña Pobreza Cero da Coordinadora de ONGD españolas:
www.pobrezacero.org
- Campaña Sin Excusas 2015 da Campaña do Milenio da ONU:
www.sinexcusas2015.org
- Podes manterte informado sobre o ODM a través da web de Nacións Unidas e do programa escolar da ONU, o Cíber Bus Escolar:
www.un.org/Pubs/CyberSchoolBus/spanish/



PUNTOS DE SAÍDA

México, o país de María, non é tan pobre como Burkina Faso; non obstante, varios millóns de mexicanos/as viven nunha situación de pobreza. A familia de María é campesiña, pero ten moi pouca terra. María tivo que deixar os seus estudos para traballar e axudar á súa familia. Comeza a carreira con 1.000 puntos.

PARADAS NO CAMIÑO

3. Cando chegas á cidade quedas coa boca aberta. Nunca viras tanta xente nin tantos edificios! De súpeto dáste conta de que che falta a bolsa na que levabas os teus documentos e algo de cartos. Non entendes que pasou... Perdes 300 puntos.
5. Preséntaste nunha tenda de roupa na que necesitan vendedoras. Miranche mal e dinche que non contratan indíxenas. Perdes 200 puntos e retrocedes 2 casas.
8. Coñeces a algúns rapaces indíxenas que traballan cargando paquetes no mercado. Intentas facer o mesmo, pero ninguén te contrata. Só queren rapaces para este traballo. Perdes 200 puntos e retrocedes ata a saída.
10. Conseguiques un traballo nunha tenda de comestibles. O salario é pouco, pero é mellor ca nada. Gañas 100 puntos.
14. Na tenda de comestibles onde conseguiches traballo, os patróns pídenche que traballes 12 horas durante 6 días da semana. Aínda que son moitas horas, telo que aceptar porque se non despedirante. Perdes 150 puntos e retrocedes 5 casas.
17. Con moitas ganas de seguir estudando, apúntaste a un curso escolar de fins de semana. Gañas 200 puntos.
21. Conseguiques un cuarto para alugar cunha pequena cociña e un baño. Cando os donos ven que levas roupa indíxena, dinche que xa está alugado. Perdes 200 puntos e retrocedes ata a casa 15.
23. Fas amizade con dúas rapazas indíxenas moi simpáticas. Convidante a compartir a casa na que viven. Gañas 200 puntos.
27. Poste enferma e vas ao médico. Recítache unhas medicinas moi caras que non podes comprar. Ademais, como non tes ningunha clase de contrato, os teus patróns aprotéitanse e non che pagan os días que deixas de traballar. Perdes 300 puntos.
30. Xa non usas a roupa indíxena da túa aldea nin falas a túa lingua materna. Como sufriches discriminación sénteste avergoñada de ser indíxena. Perdes 200 puntos e retrocedes 2 casas.
34. As túas amigas convidante a participar nunha charla sobre dereitos laborais. Gañas 200 puntos.
35. A túa mamá avísate de que o teu papá está moi enfermo e precisa unha operación moi cara. Pides o diñeiro adiantado aos teus patróns, pero só che dan unha parte. Mándaslle todo o diñeiro que che queda. Perdes 200 puntos e retrocedes 6 casas.
37. Os teus patróns din que este mes gañaron moi pouco diñeiro na tenda e non che poden pagar. Pídenche que continúes traballando para que poidan pagarche o vindeiro mes. Perdes 300 puntos e retrocedes 1 casa.
41. Ti e outras mulleres indíxenas organizástesvos para defender os vossos dereitos. Xa estades cansas de que na cidade vos exploten e discriminen. Gañas 300 puntos e avanzas 1 casa.



PUNTOS DE SAÍDA

Oautara vive nun país moi pobre, pero ten media hectárea de terra. Cústalle moito sacar a súa colleita adiante. A súa muller traballa na casa, no campo e no mercado. Os seus dous fillos e a súa filla pequena están na escola primaria. Oautara comeza a carreira con 1.000 puntos.

PARADAS NO CAMIÑO

3. Hoxe Sanu, a túa muller, conseguiu vender dous sacos de arroz no mercado. Gañas 50 puntos.
5. Precisas mercar sementes para os cultivos. Como non tes diñeiro suficiente, tes que pedir un préstamo. Perdes 150 puntos e retrocedes 2 casas.
8. Unha praga acabou coa túa colleita. Hai que comezar de novo. Perdes 200 puntos e tes que volver á saída.
10. Tes que pagar a escola e os libros dos teus fillos e da túa filla. O diñeiro non chega para todos. A nena este ano non pode estudar. Perdes 200 puntos e retrocedes 2 casas.
14. O arroz precisa fertilizantes. Tes que conseguir diñeiro prestado para compralos. Perdes 150 puntos.
17. Conseguiques vender a primeira colleita de arroz do ano a un prezo razoable e, despois de pagar as débedas, quédanche 76 euros. Gañas 100 puntos.
21. O teu fillo maior conseguiu acabar a primaria. Estás moi orgulloso del. Gañas 150 puntos.
23. Durante os últimos meses non choveu o suficiente. A calidade do arroz non será tan boa. Perdes 150 puntos e retrocedes 5 casas.
27. Enfermaches de paludismo por culpa dos mosquitos que abundan nos campos de arroz. Non podes ir traballar ao campo durante dúas semanas. Perdes 200 puntos e retrocedes 3 casas.
30. Ti e outros produtores de arroz formades unha cooperativa para conseguir mellores condicións. Esperas que o prezo do voso arroz mellore no mercado internacional. Gañas 150 puntos e avanzas 2 casas.
34. O teu fillo pequeno enfermou e toda a familia está moi asustada. Tes que conseguir diñeiro para as medicinas. Perdes 150 puntos.
35. Sanu non vendeu moito arroz no mercado hoxe. A esta altura do ano a xente non ten moito diñeiro para comprar comida. Perdes 100 puntos e retrocedes 4 casas.
37. O prezo do arroz baixou moito porque os países ricos dan axudas económicas aos seus produtores/as. O diñeiro que che deron pola segunda colleita apenas alcanza para cubrir as débedas. Perdes 200 puntos e retrocedes 1 casa.
41. As familias produtoras de arroz decidistes mobilizarvos para pedir que os países ricos non dean axudas económicas para as súas exportacións arroceiras, xa que estas axudas fan baixar o prezo do voso arroz. Gañas 150 puntos e avanzas 1 casa.



PUNTOS DE SAÍDA

Eva vive nun país moi rico. Terminou o bacharelato e ten traballo como obreira nunha fábrica de coches. O seu fillo e a súa filla estudan na escola primaria. A súa nai axúdalle co coidado dos nenos. Eva comeza a carreira con 2.000 puntos.

PARADAS NO CAMIÑO

3. Como queres mellorar profesionalmente, preséntaste a un traballo de administrativa nunha empresa. Néganche o posto porque non tes estudos superiores. Perdes 300 puntos.
5. O salario da fábrica é insuficiente para cubrir as necesidades familiares. Por ese motivo, co sindicato, organizastes unha folga. As leis protexen os vosos dereitos laborais. Finalmente conseguides un pequeno aumento. Gañas 200 puntos.
8. Cando xa cobraches o salario e pagaches as facturas dos gastos da casa, non che quedou diñeiro suficiente para comprar a comida. Tes que pedirlle diñeiro prestado á túa nai. Perdes 300 puntos e retrocedes ata a saída.
10. A túa nai enferma e non pode coidarche os nenos durante unha semana. Como non podes faltar tantos días, tes que pagarlle a unha persoa que os coide, o que representa unha cuarta parte do teu salario. Perdes 200 puntos e retrocedes 2 casas.
14. Á túa nai diagnósticanlle unha enfermidade grave. Precisa facer probas, unha operación e estar uns cantos días no hospital. Grazas aos bos profesionais da medicina e aos equipos de alta tecnoloxía, a túa nai recupérase sen problemas. Ademais, a Seguridade Social cobre todos os gastos. Gañas 300 puntos e avanzas 2 casas.
17. Preséntaste a un posto de encargado/a na fábrica onde traballas. O cargo representa unha mellora profesional e un salario máis alto. Finalmente o posto danllo a outro compañeiro. Acabas sabendo que os xefes non queren como encargadas a mulleres con fillos. Perdes 400 puntos e retrocedes 4 casas.
21. A túa filla ten dor de moas. Tes que faltar ao traballo para levala ao dentista e pagas a consulta. Perdes 300 puntos.
23. O teu fillo e a túa filla pasan de curso con excelentes cualificacións. Os dous queren ir á universidade cando sexan maiores. Gañas 500 puntos.
27. O teu contrato de traballo por un ano está a punto de finalizar. Renóvanche o contrato, pero esta vez só por 6 meses. Os donos da empresa din que están perdendo diñeiro e que axiña non poderán manter a tantos traballadores/as. Perdes 100 puntos e retrocedes 2 casas.
30. Ao rematar o contrato de alugueiro, a propietaria do teu piso di que se queres continuar terás que pagar un 25% máis cada mes. Aínda que é moito diñeiro para ti, decides renovar o contrato porque sabes que será difícil conseguir unha vivenda máis barata. Perdes 200 puntos e retrocedes 4 casas.
34. Preséntaste como candidata para conseguir unha vivenda de protección oficial. Despois de longos trámites, consigues que te acepten. Aínda que terás que pagar cotas por moitísimos anos xa non terás que buscar máis casas de alugueiro. Gañas 200 puntos e avanzas 2 casas.
35. A empresa decidiu cerrar e despedir a todos os seus traballadores/as. Mobilizástesvos co sindicato e conseguistes unha indemnización. Ademais cobrarás o paro durante varios meses. Gañas 200 puntos e avanzas 3 casas.
37. A fábrica decidiu cerrar as súas portas e trasladarse a un país no que os salarios sexan máis baixos. Acabas de quedar sen traballo. Perdes 500 puntos e retrocedes ata a casa 35.
41. A escola dos teus fillos recibiu diñeiro do Estado para mellorar as súas instalacións. Construirán un ximnasio, un laboratorio e unha sala de informática para os alumnos/as. Os teus fillos poderán mellorar a calidade da súa educación. Gañas 300 puntos.



PUNTOS DE SAÍDA

Bill vive nun país moi rico. É dono dunha grande explotación de algodón e conta con maquinaria agrícola sofisticada. A súa muller é política e ten un salario moi bo. O seu fillo e a súa filla están a punto de acabar na universidade. Bill comeza a carreira con 5.000 puntos.

PARADAS NO CAMIÑO

3. Compras un tractor de última xeración con pantallas dixitais, catro rodas motrices e colchón de aire. Con este tractor a túa produción de algodón aumentará. Consegues 200 puntos.
5. A túa filla acaba de terminar a universidade. É enxeñeira agrónoma e axudarache a mellorar a produción dos teus campos. Gañas 250 puntos.
8. Como á túa colleita afectoulle unha praga, o Goberno do teu país concédeche unha axuda económica. Consegues 2000 puntos e avanzas 3 casas.
10. Unha praga afectoulle á túa colleita. Perdes a maior parte da produción deste ano. Perdes 2000 puntos e retrocedes ata a casa 8.
14. A túa muller é política e traballa na administración do estado no que vives. Conseguiu que vos outorguen unha subvención aos agricultores/as con máis de 3.000 hectáreas alegando que tedes moitos gastos. Consegues 500 puntos e avanzas 2 casas.
17. Os países do Sur están exercendo presión para que o teu Goberno vos retire as subvención. Din que por culpa destas subvencións, eles non poden vender o seu propio algodón. Algúns políticos/as do teu país escóitanos. Perdes 200 puntos e retrocedes 4 casas.
21. Compras un GPS que indica a cantidade exacta de fertilizante que precisan as plantas de algodón. Con este dispositivo non só poderás aforrar, senón que conseguirás unha excelente calidade de algodón. Consegues 200 puntos.
23. Intégraste na Asociación de Grandes Algodoeiros da túa rexión. Agora ti e os teus colegas poderedes exercer presión sobre o Goberno para conseguir máis axudas e pagar menos impostos. Consegues 300 puntos.
27. Despois de moito esforzo, consegués que o teu fillo monte unha empresa transportadora de algodón para toda a rexión. Agora gañaredes máis diñeiro e o transporte das túas mercadorías saírache moito máis barato. Gañas 300 puntos e avanzas 4 casas.
30. O teu fillo terminou os seus estudos empresariais e négase a traballar. Ti pretendías que te axudase na explotación e sénteste moi decepcionado. Perdes 400 puntos e retrocedes ata a casa 27.
34. Este ano conseguiches evadir o pagamento de impostos. Tes que pagar unha boa suma que non tiñades prevista. Perdes 200 puntos e retrocedes 5 casas.
35. Ao teu mellor amigo nomeárono director do Departamento de Agricultura do Goberno estatal. Prometeuque que o teu sector será o máis beneficiado. Gañas 400 puntos.
37. Grazas ás presións da Asociación de Grandes Algodoeiros, o teu país aumentou os impostos para a importación de algodón. Agora teredes mellores condicións tamén no mercado interior. Consegues 300 puntos.
41. Grazas ás axudas do Goberno conseguiches competir no mercado internacional e vendiches toda a produción do ano. Gañas 600 puntos.



Intermón Oxfam



Eva, Outara, Bill e María ofrécennos a posibilidade de vivir en primeira persoa catro situacións diferentes relacionadas co acceso aos recursos e ás oportunidades. A partir dun xogo e das diferentes actividades que forman o caderno teremos a oportunidade de reflexionar sobre a situación de pobreza e analizar a desigual distribución inxusta dos recursos.

Colección unidades didácticas de primaria

Esta colección forma parte do programa **Educación para a Cidadanía Global** de Intermón Oxfam. Pretende potenciar no alumnado actitudes e valores que lles permitan coñecer e entender mellor a realidade que os rodea e así participar activamente como cidadáns e cidadás na construción dun mundo máis xusto e solidario.

Proposta de traballo global, flexible e adaptada ás necesidades do alumnado. Este caderno está pensado para o alumnado de educación infantil.



Outros títulos do mesmo ciclo:

TEMA **Por un comercio con xustiza**
O regalo de Jacquie

TEMA **Educación agora**
Educación, un futuro en igualdade

TEMA **Medio ambiente e desenvolvemento**
Noaga vive no Sahel

TEMA **Armas baixo control**
Un berro pola paz

TEMA **Dereitos da infancia**
O barrio de Beto

ISBN 84-8452-409-4



9 788484 524090

752265